

## 3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

A partir dos documentos que seguen debes componer un texto sobre a transición política á democracia. Logo da morte de Franco, os cambios inicianse definitivamente coa designación de Adolfo Suárez como Presidente do Goberno (Doc.1). A Lei para a Reforma Política (Doc.2) confirma a opción reformista adoptada pola transición e permite á UCD liderada por Suárez levar a cabo un programa de goberno (Doc.3) que, contando no esencial co consenso das demais forzas políticas, culminaría coa promulgación da Constitución en 1978 (Doc.4). Fracasado o intento de golpe de Estado de febreiro de 1981 (Doc.5), a vitoria socialista nas eleccións de 1982 (Doc.6) abriría unha nova etapa política.

**\*Proba de acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de xuño de 2003..**

### DOC. 1 PRIMEIRO DISCURSO DE ADOLFO SUÁREZ.

*Logo de ser designado presidente do Goberno polo Rei diríxese ao país.*

A meta última é moi concreta: que os gobiernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para isto solicito a colaboración de todas as forzas sociais [...].

A Coroa ten a vontade expresa de alcanzar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o fruto do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien.

Adolfo Suárez, 6 de xullo de 1976

### DOC. 2. LEI PARA A REFORMA POLÍTICA, APROBADA POLAS CORTES O 18 DE NOVEMBRO DE 1976.

#### Art. 1.º

1. A democracia no Estado español baséase na supremacia da lei, expresión da vontade soberana do pobo.
2. A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. El Rei sanciona e promulga as leis.

#### Art. 2.º

1. As Cortes compónense do Congreso dos Deputados e do Senado.
2. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.
3. Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. El Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos.

### DOC. 3. NA CAMPAÑA PARA AS ELECCIÓNNS DE XUÑO DE 1977, O CANDIDATO DE UCD, ADOLFO SUÁREZ, PRONUNCIA O SEGUINTE DISCURSO.

Prometemos volverlle a soberanía ao pobo español, e pasado mañá exércea.

Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.

Prometemos que todas as familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden conseguilo [...].

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con todos os grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escanos [...]. Podo prometer, e prometo (...), de adicar todos os esforzos a alcanzar un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos [...]. Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características.

Adolfo Suárez, xuño de 1977

### DOC. 4. CONSTITUCIÓN DE 1978.

**Art. 1.1.** España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

**Art. 1.2.** A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

**Art. 1.3.** A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

**Art. 2.** A Constitución fundámese na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

**Art.3.1.** O castelán é a lingua española oficial do Estado [...].

**Art. 3.2.** As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos [...].

**Art.6.** Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política.

### DOC. 5. O CORONEL TEJERO ASALTA O CONGRESO O 23 DE FEBREIRO DE 1981.



### DOC. 6. RESULTADOS DAS ELECCIÓNNS XERAIS DE 1982.

Partidos	Escanos
PSOE	202
AP-PDP	106
UCD	12
CIU	12
PNV	8
PCE	5
Outros	5

## Resposta modelo

Despois da morte do ditador Franco e a coroación de Xoán Carlos I, comezou un proceso de democratización que se coñece co nome de Transición.

Tras a confirmación de Arias Navarro, presidente do derradeiro goberno franquista, como primeiro presidente do goberno da monarquía, o camiño das **reformas políticas** non comezaría ata a chegada á presidencia do goberno de Adolfo Suárez. A **vocación reformista** do novo presidente manifestouna na mensaxe que dirixiu ao país o 6 de xullo de 1976, logo de ser investido presidente, no que aseguraba a **vocación democrática da Coroa**: «A Coroa ten a vontade expresa de alcanzar unha democracia moderna para España» (Doc. 1).

Os meses que seguiron ao nomeamento de Suárez foron decisivos no proceso de liquidación da ditadura franquista e de instauración dun sistema democrático. Suárez deulle puto ás reformas: despenalizou **as asociacións políticas**, regulou o **dereito de folga**, suprimiu o TOP –un tribunal encargado da represión política desde 1963–, disolveu o Movemento –do que fora ministro-secretario–, aprobou a lei de liberdade sindical... Non obstante, o proxecto máis ambicioso do goberno de Suárez foi a elaboración da **Lei para a Reforma Política** (Doc. 2), que tiña por obxecto establecer un sistema democrático asentado sobre as seguintes bases: a supremacía da lei e a soberanía popular (art. 1. 1), un sistema bicameral (art. 2. 1), o sufragio universal na elección de deputados (art. 2. 2); así mesmo, ese texto legal autorizaba ao goberno e ás Cortes a iniciar as reformas políticas necesarias para conseguir a plena democracia. Así, nun contexto marcado polas tensións políticas que enfrentaban aos rupturistas, agrupados na Platajunta (organización que agrupaba a todas as forzas políticas e sindicais antifranquistas, cos inmobiliarios e os reformistas), e agravado pola crise económica e a mobilización obrera, en xaneiro de 1977 entraba en vigor a Lei para a Reforma Política, coa que as propias Cortes franquistas poñían fin ao franquismo. A partir dese momento, xa que logo, abríase o camiño para o restablecemento das **liberdades democráticas** e para a convocatoria dunhas **Cortes constituyentes**.

O primeiro gran reto do goberno de Suárez tras a aprobación da Lei para a Reforma Política foi a convocatoria de eleccións democráticas, pois había que **legalizar os partidos políticos** (entre eles o Partido Comunista, a besta negra do franquismo) e consensuar a nova lei electoral. Unha vez celebradas as eleccións, que gañou a **Unión de Centro Democrático** de Suárez por unha ampla maioria (34%), seguido polo PSOE (29%), todos os esforzos se concentraron en lograr o maior **consenso** posible entre as forzas parlamentarias para lograr dous **obxectivos** principais: **elaborar unha constitución democrática** e adoptar as medidas necesarias para superar a grave crise económica e os intentos desestabilizadores da dereita (golpismo) e dos terroristas (ETA, GRAPO...). O primeiro froito do consenso político e sindical para saír da crise foron os **Pactos da Moncloa**, subscritos en 1977 polas principais forzas parlamentarias (UCD, PSOE, PCE, AP...) e sindicais (UGT e CCOO); neses Pactos estableceron as medidas necesarias para **sanear a economía española** e recoñecéronse os derechos políticos e as liberdades civís da cidadanía en tanto non se aprobase a Constitución.

Con todo, a principal conquista democrática dese período foi a **Constitución**, pedra angular do novo Estado democrático saída do consenso político e social. De acordo coa Constitución (Doc. 4), aprobada en referendo popular o 6 de decembro de 1978, «España

constitúese nun Estado social e democrático de Dereito» asentado na «liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político» (art. 1. 1). A Constitución proclama tamén a soberanía popular, pois do pobo emanan todos os poderes do Estado (art. 1. 2); a monarquía parlamentaria como forma do Estado (art. 1. 3); a «indisoluble unidade da nación española», aínda que recoñecendo o «dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran» (art. 2); a cooficialidade das linguas autonómicas, que o Estado deberá protexer e promover, coa lingua castelá, oficial en todo o Estado (art. 3); a manifestación da expresión popular por medio dos partidos políticos (art. 6). Na Constitución, ademais, recoñécense **plenos dereitos políticos** (educación, sanidade, seguridade social, folga...) e **liberdades civís** á cidadanía (expresión...) e a **aconfesionalidade do Estado**, e establecécese a **separación e independencia dos tres poderes** (lexislativo, executivo e xudicial) e unha **nova organización territorial**, o que deu lugar a un proceso político que culminaría coa nova configuración do Estado en **comunidades autónomas**.

Non obstante, malia os amplos consensos obtidos, **Suárez** tivo que enfrentar unha **forte crise económica** e a unha forte conflitividade laboral, un **proceso autonómico** que non sempre pudo manter baixo o seu control (a oposición da sociedade galega ao Estatuto da aldraxa é unha mostra diso) e unha **escalada terrorista** sen precedentes, así como unha crise de confianza no seo do seu propio partido tras a moción de censura promovida polo PSOE; estas foron as razóns polas que **dimitiu** o 29 de xaneiro de 1981.

O 23 de febreiro de 1981, mentres se celebraba a investidura de **Leopoldo Calvo Sotelo**, que substituíu ao dimitido Suárez, o coronel Tejero **asaltaba o Congreso dos Deputados** (Doc. 4). O golpe de Estado de Tejero, que mantivo secuestrado por unhas horas o goberno e os representantes da soberanía popular, foi un intento dos involucionistas para acabar coa democracia; con todo, a mobilización popular e o compromiso das principais organizacións políticas e sindicais co proceso democrático fixeron **fracasar o golpe de Estado militar**.

Algunhas meses despois, en **outubro de 1982**, celebráronse **as segundas eleccións democráticas**, que **gañaba o PSOE** con **maioría absoluta** (202 escanos fronte aos 106 do principal partido da oposición AP-PDP). Os primeiros gobernos socialistas, sempre presididos por **Felipe González**, orientaron os seus esforzos a **consolidar a democracia**, para o que puxeron en marcha unha serie de reformas que transformaron e modernizaron España.



**SUÁREZ CO SEU GRUPO PARLAMENTARIO TRAS A APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN, 1978.**